# BICOS E NON BALAS



Noa, Blanca e Omar.

A pomba da paz estaba cansa de falar
inutilmente cos homes.
Falaba de dereitos, de comprensión,
de seres diferentes, de lugares sans e bonitos.
As súas verbas esnafrábanse arreo contra
un muro de pedra construído polos homes.
Un muro de pedra, si, pero tamén de
silencios, de inmundicia, de pólvora.
A pomba da paz estaba cansa de dicir
sempre as mesmas consignas e escoitar
sempre os mesmos desprezos.
E cando perdera a esperanza e decidira
converterse simplemente en pomba
sen máis, viu un rapaz subido a unha escada
que lle sorría facéndolle acenos coa man.
Neste intre chegou á conclusión de que
tería que seguir baténdose contra ese
muro erguido polos homes.

O equipo cooperativo
"As avestruces que voan"
recita un dos poemas do
fermoso poemario
***Bicos e non balas***
de Antonio García Teijeiro,
ilustrado por Bea Gregores.

Programa CA/AC. Cooperar para Aprender/Aprender a Cooperar.
Alumnado de 5ºA e 5ºB de EP. CPI de Cova Terreña. Curso 2022-23.